GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS

NO ÁMBITO DA IGUALDADE E A VIOLENCIA DE XÉNERO

DEPUTACIÓN DA CORUÑA
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES.
SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS

Deputación DA CORUÑA

IGUALDADE DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

COMPARTIMOS plan

GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS NO ÁMBITO DA IGUALDADE E A VIOLENCIA DE XÉNERO

EDITA:
Deputación da Coruña, 2019
Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Servizos Sociais
Avenida Porto da Coruña, 2
15003 A Coruña

AUTORÍA:
Empresa Deloga (Desenvolvemento Local Galego S.L)

COORDINACIÓN TÉCNICA:
Eva Ovenza Pereira,
Técnica de Políticas de Igualdade e Políticas Públicas,
da Deputación da Coruña

ÍNDICE

PRESENTACIÓN | 4

METODOLOXÍA SEGUIDA
PARA A SELECCIÓN
DAS PRÁCTICAS | 6

BOAS PRÁCTICAS
NO ÁMBITO DA IGUALDADE
E A VIOLENCIA DE XÉNERO | 10

AGRADECEMENTO | 48

PRESENTACIÓN

MARCO DA GUÍA

Esta **Guía de Boas Prácticas no ámbito da igualdade e a violencia de xénero** é unha iniciativa da Deputación da Coruña que xorde no marco de **COMPARTIMOS PLAN**, proxecto de diagnose e plan de acción das políticas de igualdade de xénero e loita contra a violencia de xénero na provincia da Coruña, coa que **se busca dar a coñecer prácticas e iniciativas en materia de igualdade que se desenvolven no territorio da provincia.**

AS BOAS PRÁCTICAS

Durante os traballos de estudo da realidade social das políticas de igualdade entre mulleres e homes foron identificándose diversas prácticas e iniciativas que poden ser **ferramentas exemplares e motivadoras** para outras entidades e Administracións. Tras esta detección inicial, deseñouse unha metodoloxía específica para recompilar máis información sobre as prácticas desenvoltas no territorio da provincia e con iso facer un inventario, con especial atención ás Administracións locais e entidades de iniciativa social, xa que se configuraron como axentes chave de COMPARTIMOS PLAN. Pero o punto de partida no deseño metodológico foi a **delimitación conceptual de "boa práctica"**. Así, nesta guía **"boa práctica" é aquela iniciativa, medida de actuación, metodoloxía ou ferramenta innovadora que, sendo impulsada ou executada pola Administración local, por unha empresa ou por unha entidade do tecido asociativo, demostrou a súa eficacia na consecución do obxectivo de favorecer a igualdade de oportunidades e loitar contra a violencia de xénero.**

Unha vez máis, a recollida de información non sería posible sen a activa participación dun gran número de axentes chave do territorio, facilitando o labor de identificación e posterior análise das prácticas.

OBXECTIVO

Recompiladas e valoradas as prácticas, con esta guía pretendemos **divulgar e ampliar o coñecemento sobre o traballo que realizan numerosas entidades no territorio, de maneira que poidan ser transferibles a outras entidades e Administracións locais.** Aínda que, estas experiencias concretas non sempre poden ser aplicables ou transferibles, si poden dar ideas para desenvolver prácticas máis acordes coa realidade concreta da entidade ou da situación sobre a que se quere intervir.

A GUÍA

A guía consta de 2 partes fundamentais:

- a primeira, está dedicada a describir a **metodoloxía** seguida para a recopilación e selección dás prácticas.
- A segunda, recompila o conxunto de **prácticas que foron incluídas na guía**, e por tanto, validadas por cumprir cos criterios de valoración das prácticas.

Así mesmo, dado que non se incluíron na guía todas as prácticas recompiladas, recóllese un apartado final no que se agradece a participación a todas as entidades e concellos que enviaron información sobre as súas iniciativas, que aínda que non atendían a algúns dos criterios que foron empregados para a delimitación dunha "boa práctica", constitúen boas iniciativas para o avance da igualdade no territorio.

METODOLOXÍA SEGUIDA PARA A RECOLLIDA E SELECCIÓN DAS PRÁCTICAS

FASES DO PROCESO DE IDENTIFICACIÓN DAS PRÁCTICAS

O proceso de identificación de boas prácticas na provincia da Coruña abarcou diferentes fases:

FASE 1
PREPARACIÓN

- Definición dos **criterios de valoración** de boas prácticas.
- **Deseño do cuestionario** para a recollida de información e identificación de boas prácticas.

FASE 2
RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

- **Envío do cuestionario** aos contactos da base de datos de axentes chave de *Compartimos Plan*.
- **Difusión do cuestionario** a través da páxina web e das redes sociais de *Compartimos Plan*.
- **Compilación de 121 prácticas** de diferentes entidades.

FASE 3
SELECCIÓN DE BOAS PRÁCTICAS

- **Depuración da información** recibida e valoración preliminar das potenciais boas prácticas.
- **Valoración técnica** das prácticas preseleccionadas.
- **Selección final das 22 prácticas** incluídas na guía.

FASE 1
PREPARACIÓN

Nesta fase desenvolvéronse todas as tarefas relativas á organización e planificación metodolóxica da elaboración da guía de boas prácticas en igualdade e violencia de xénero na provincia da Coruña.

O primeiro paso foi definir os criterios de valoración para cada unha das prácticas recibidas co obxectivo de establecer unha metodoloxía común que permitise unha selección obxectiva das boas prácticas incluídas nesta guía. Así, os criterios empregados foron os seguintes:

- IMPACTO, referido non só ao número de persoas beneficiarias da práctica, senón tamén ao grao de consecución dos obxectivos previstos, en termos de superación das desigualdade de xénero.

- COORDINACIÓN, entendendo a necesidade de transversalizar o traballo en materia de igualdade e contra a violencia de xénero. Valórase o nivel de coordinación con outros axentes ou Administracións no desenvolvemento da práctica, así como as fases nas que esta coordinación se levou a cabo.

- SUSTENTABILIDADE, en termos de continuidade temporal da práctica, así como de mantemento dos cambios acontecidos tras a posta en marcha da mesma.

- TRANSFERENCIA, referida á posibilidade de implementación da práctica noutro contexto social ou territorial dada a súa capacidade de incidir nunha problemática global.

- INNOVACIÓN, identificando aspectos novidosos na implementación da práctica, que pasan tanto polas persoas ás que se dirixe, polo problema que se aborda, pola metodoloxía empregada, etc.

- AVALIACIÓN, considerando a importancia de contrastar de xeito cualitativo ou cuantitativo

a efectividade e repercusión da práctica posta en marcha.

Posteriormente deseñouse un cuestionario online para recoller información sobre as prácticas.

FASE 2
RECOLLIDA DE INFORMACIÓN

Unha vez deseñado o cuestionario de recollida e identificación de boas prácticas procedeuse a súa difusión. Este foi enviado aos contactos da base de datos de axentes chave da provincia, publicouse na páxina web de Compartimos Plan, e difundiuse tanto nas redes sociais do proxecto como nos diferentes foros de participación realizados.

Como resultado, recolléronse **121 prácticas precedentes de diferentes entidades**. A maioría proceden de Administracións locais da provincia (67,8%), seguido de asociacións (14,9%) e fundacións (5,8%). Non obstante, tamén se recibiron prácticas de colexios profesionais, empresas, centros educativos e ONG's. No que respecta as Administracións locais, cabe sinalar que se recibiron 82 prácticas que foron enviadas por 39 concellos da provincia e unha mancomunidade, polo que case a metade dos concellos da provincia participaron neste proceso de recollida de información.

Pola súa parte, o maior número de prácticas recibidas foron clasificadas no ámbito da sensibilización (24,8%), seguido da educación/ formación (19,8%) e da conciliación (18,2%).

FASE 3
SELECCIÓN DAS BOAS PRÁCTICAS

Unha vez recollidas as iniciativas, estas foron sometidas a un **exame preliminar** a través dos ítems incluídos no cuestionario para a medición dos criterios de impacto, coordinación, sustentabilidade, transferencia, innovación e avaliación. E en base a información aportada en cada un dos ítems, outorgóuselle a cada unha das prácticas unha puntuación numérica que serviu como primeiro filtro de valoración. Cabe sinalar que a escasa información nalgunha das prácticas recibidas impediu a súa valoración preliminar e, polo tanto, non foron incluídas na preselección.

As prácticas preseleccionadas foron avaliadas por unha comisión de valoración formada por persoal técnico do proxecto *Compartimos Plan* e por persoal técnico da Deputación da Coruña. Os criterios de selección foron novamente os de impacto, coordinación, sustentabilidade, transferencia, innovación e avaliación. Nesta avaliación tívose en conta, además das valoracións cuantitativas iniciais, a información de carácter cualitativa recollida a través dos cuestionarios.

◆ Nº DE PRÁCTICAS RECIBIDAS SEGUNDO TIPO DE ENTIDADE



◆ Nº DE PRÁCTICAS RECIBIDAS POR TIPOLOXÍA



PRÁCTICAS INCLUÍDAS NA GUÍA

Como resultado do proceso, **na guía recóllense 23 prácticas**, a maior parte delas son prácticas impulsadas por Administracións locais, aínda que tamén se recollen iniciativas de asociacións, fundacións, colexios profesionais e centros educativos.

As prácticas seleccionadas clasificáronse atendendo as seguintes categorías:

- **Sensibilización** [12 prácticas]
- **Empoderamento** [5 prácticas]
- **Fomento do emprego** [1 práctica]
- **Participación e/ou dinamización** [2 prácticas]
- **Estudo e/ou investigación** [1 práctica]
- **Asesoramento, acompañamento e intervención** [2 prácticas]

A maior parte das boas prácticas incluídas son de sensibilización, seguidas das de empoderamento, aínda que se recollen tamén boas prácticas no ámbito do acompañamento, da participación, da realización de estudos ou do fomento do emprego.

◆ Nº DE PRÁCTICAS INCLUÍDAS NA GUÍA SEGUNDO TIPO DE ENTIDADE



◆ Nº DE PRÁCTICAS RECIBIDAS POR TIPOLOXÍA



BOAS PRÁCTICAS NO ÁMBITO DA IGUALDADE E A VIOLENCIA DE XÉNERO

SENSIBILIZACIÓN	ACADAR	• VIO 7. Ver para erradicar
	Asociación ACOPROS	• Plan de sensibilización da violencia machista na discapacidade auditiva
	Colexio Oficial de Psicoloxía (COPG)	• Campaña "De troula CONsentido"
	Concello das Pontes	• Campaña “Vive en Igualdade”
	Concello de Betanzos	• Roteiro pola igualdade “Betanzos en Femenino”
	Concello de Cabanas	• O Pleno de Igualdade
	Concello de Dodro	• Ciclo de cine infantil
	Concello de Ribeira	• Mesas informativas “Receitas do Amor”
	Concello de Ribeira	• Coeducación dende as artes e as novas tecnocloxías
	Concello de Santiago de Compostela	• Campaña en Negro
	Escola Infantil Municipal Monte Alto	• As maletas viaxeiras, pola igualdade de xénero
	INGADA	• Convivindo co TDAH
EMPODERAMENTO	Concello das Pontes	• Proxecto LEAC: liderazgo emocional con cabalos
	Concello de Narón	• O noso momento
	Concello de Oleiros	• Programa de fortalecemento socioemocional
	Concello de San Sadurniño	• Teño unha horta en San Sadurniño
	Fundación Juan Soñador	• Proxecto Teranga Igualdade para mulleres migrantes
FOMENTO DO EMPREGO	Concello de Ferrol	• Ferrol emprende en feminino
PARTICIPACIÓN E/ OU DINAMIZACIÓN	Concello de Culleredo	• Culleredo “en clave social”
	Concello de Dodro	• Fin de semana de mulleres
ESTUDO OU INVESTIGACIÓN	Concello de Cabanas	• Estudo do grao de corresponsabilidade na comunidade educativa do CEIP Eladia Mariño
ASESORAMENTO, ACOMPAÑAMENTO, INTERVENCIÓN	Concello de Culleredo	• SAVVIX Servizo de Atención a Vítimas de Violencia de Xénero
	FAXPG	• Programa de Recursos Especializados a Mulleres Sordas en Galicia

VIO 7. VER PARA ERRADICAR

ACADAR. Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia

ÁMBITO TERRITORIAL

Provincial

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado universitario da USC e da UDC dos eidos educativo e social, sanitario ou do dereito

CONTACTO

Enderezo electrónico	info@acadar.org
Teléfono(s)	674 073 092
Páxina web	www.acadar.org

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Este proxecto nace da necesidade de recibir formación específica en materia de xénero e discapacidade e do especial interese na violencia exercida sobre as mulleres con discapacidade.

Actuación realizada

Realización de sesións formativas sobre: xénero, discapacidade e formas de violencia. Leváronse a cabo catro formacións nos grados de Educación Social (USC), Terapia Ocupacional (UDC) e no Máster en Intervención na Discapacidade e a Dependencia (UDC). Estas formacións estiveron divididas en catro sesións:

- Nas dúas primeiras traballáronse temas relacionados co xénero e a discapacidade (linguaxe inclusiva, perspectiva de xénero, interseccionalidade, tipos de discapacidade, etc.);
- As dúas últimas sesións estiveron dedicadas a violencia de xénero contra as mulleres con discapacidade (definición de violencia e os seus tipos, o ciclo da violencia, metodoloxía para a detección de cada una das violencias, etc.).

Asemade, realizáronse 3 seminarios no Grao en Enfermería (UDC) de una hora de duración cada un. Traballouse coa guía de "Violencia contra as mulleres con discapacidade. Ver e recoñecer os sinais" (ACADAR, 2016).

Para a súa organización, difusión e execución, ACADAR coordinouse con outras entidades do territorio e con outras administracións.

Principais resultados

Formáronse a un total de 199 persoas de maneira directa.

Obxectivos acadados

- Formación a 199 persoas estudantes de grao universitario do eido educativo e social, sanitario e do dereito.
- Acadouse un alto grao de satisfacción coa formación recibida, dun 4,45 sobre 5.
- Acadouse un nivel de aprendizaxe dun 4,04 sobre 5.

Orzamento destinado

Máis de 10.000€

Número de participantes

Máis de 40 mulleres

Impacto da práctica

- As Mulleres migrantes coñecen máis os recursos da cidade, os dereitos e deberes e todo aquilo que lles axuda a ser cidadás de pleno dereito.
- Mulleres migrantes crean alianzas entre elas, para romper o illamento, sentirse apoiadas e colaborar.
- Mulleres migrantes empoderadas.

PLAN DE SENSIBILIZACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA NA DISCAPACIDADE AUDITIVA

Asociación ACOPROS

ÁMBITO TERRITORIAL

Comarcal

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Maioritariamente mulleres, de entre 30 e 60 anos, con discapacidade auditiva.

CONTACTO

Enderezo electrónico	acopros@acopros.org
Teléfono(s)	881 914 078
Páxina web	www.acopros.org

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Existe unha lacra de violencia machista na sociedade, esta situación tan grave non é allea á discapacidade, ao contrario, segundo o "Informe de Violencia de xénero cara as mulleres con discapacidade", elaborado polo CERMI, o 31% das mulleres con discapacidade sufriu violencia machista nalgún momento da súa vida, isto supón máis do dobre que nas mulleres sen discapacidade. En canto á violencia sexual, rexístranse cifras que triplican a media.

Actuación realizada

Ante esta situación elaborouse un plan que consistiu nunha campaña de sensibilización para a prevención da violencia machista na discapacidade auditiva, incluíndo o deseño, impresión e a distribución de carteleira (folletos, carteis e marcapáxinas), así como a comunicación web e nas Redes Sociais. Esta campaña foi integrada en todas as actividades, de xeito que a carteleira estivo e segue presente no local. Antes de cada servizo entrégase un dos folletos a cada persoa usuaria e infórmase sobre a problemática, tratando de detectar se coñecen situacións dese tipo no seu entorno.

Para a súa organización, ACOPROS coordínase con outras áreas ou departamentos da propia entidade. Coordinación tamén abrangue o deseño, a difusión, a execución, o seguimento e a avaliación.

Principais resultados

Conseguiuse que a violencia machista deixara de ser un tabú entre as usuarias, identificando claramente o que é discriminación, prexuízo e violencia. Ademais conseguiuse que se coñezan os servizos e apoios existentes ante situación de violencia machista e/ou discriminacións por xénero.

Obxectivos acadados

Datos sobre as persoas beneficiarias das actividades:

- Persoas usuarias atendidas: de xeito presencial e directo foron atendidas unhas 100 persoas (50 usuarias directas e 50 acompañantes, familiares).
- Persoas destinatarias: a través do material físico unhas 500 persoas, cifra similar á alcanzada a través da campaña online (Facebook, Instagram e Twitter).
- Persoas participantes: as 8 persoas traballadoras da Asociación participaron na campaña.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

Máis de 40

CAMPAÑA DE TROULA CONSENTIDO

Colexio Oficial de Psicoloxía (COPG)

ÁMBITO TERRITORIAL

Autonómico

TEMPORALIZACIÓN

Estable (comezou en agosto de 2018)

PERSOAS DESTINATARIAS

Poboación en xeral, con especial atención a mocidade

CONTACTO

Enderezo electrónico	copgalicia@copgalicia.gal
Teléfono(s)	981 534 049
Páxina web	www.copgalicia.gal

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

O COPG recibe demandas de concellos solicitando colaboración para as súas festas en materia de prevención das agresións sexuais, xa que moitos deles, ben por tempos ou por orzamentos, non teñen capacidade para desenvolver actuacións específicas.

Actuación realizada

A campaña de sensibilización *"DE TROULA CONSENTIDO - FESTAS GALEGAS LIBRES DE VIOLENCIA SEXISTA"* é realizada entre o COPG, a FEGAMP e a Secretaría Xeral de Igualdade para minorizar a violencia sexista nas festas populares. Consta de diverso material gráfico (cartelería, marcapáxinas, etc.) e con presencia en redes sociais. Para a súa organización, o COPG coordinouse tamén con entidades do territorio e con outras administracións. A coordinación estendeuse ao deseño, á difusión, á execución, ao seguimento e á avaliación.

Principais resultados

A campaña consta de:

- Carteis impresos cunha serie de condutas en positivo sobre o consentimento de cara a evitar agresións sexistas.
- Decálogo en forma de marcapáxinas.
- Imaxes individuais de cada un dos consellos durante a celebración das festas.
- Cartel en PDF editable para que poida ser configurado polos propios concellos e as comisións de festas.
- Material para redes sociais (cabeceiras de Facebook e Twitter)

Obxectivos acadados

- Difusión nas festas do verán, principalmente, do material impreso e nas redes sociais.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes
Máis de 40 mulleres

Impacto da práctica
O impacto foi moi positivo, non se lanzou ao comezo do verán, senón en agosto, mes no que se celebran moitos festexos en Galicia.

CAMPAÑA "VIVE EN IGUALDADE"

Concello das Pontes

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Periódica (na campaña de Nadal)

PERSOAS DESTINATARIAS

Poboación en xeral

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Benestar Social e Cultura
Enderezo electrónico	cim@aspontes.org
Teléfono(s)	981 441 008
Páxina web	http://aspontes.org/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Detectouse que o traballo en prol da igualdade só se relacionaba co ámbito social, de aí a necesidade de implicar á cidadanía nun traballo de reflexión conxunto.

Actuación realizada

As Concellerías de Benestar Social e Cultura, en colaboración coa de Comercio e Hostalaría, promoven unha Campaña dirixida ao comercio e á hostalaría durante a campaña de Nadal. Para a súa organización, a Concellería de Benestar coordinouse con outras áreas e departamentos da propia entidade, co tecido asociativo e co tecido empresarial. A coordinación estendeuse ás fases de difusión, execución, seguimento e á de avaliación.

Principais resultados

A Campaña "*Vive en Igualdade*", baixo os lemas *"e ademais...agasalla respecto, igualdade, oportunidades, futuro, corresponsabilidade,..."*, estivo presente nos escaparates do comercio pontés desde o 7 de decembro de 2016 ata o 7 de xaneiro de 2017. Para iso, realizáronse tarxetas cos lemas da campaña cun deseño que se integrou perfectamente cos escaparates de Nadal.

Obxectivos acadados

- Cambio respecto a implicación da comunidade para a consecución da igualdade.

Orzamento destinado

Entre 3.000€ e 5.000€

Número de participantes

Máis de 40

ROTEIRO POLA IGUALDADE "BETANZOS EN FEMENINO"

Concello de Betanzos

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable (8 de marzo e outras datas acordadas cos centros educativos)

PERSOAS DESTINATARIAS

Poboación en xeral e alumnado de 12 a 17 anos

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Servizos Sociais, Igualdade e Turismo
Enderezo electrónico	servizos.sociais@betanzos.gal
Teléfono(s)	981 770 707
Páxina web	http://concello.betanzos.es/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Invisibilidade do papel da muller na historia en xeral.

Actuación realizada

Roteiro polo municipio destacando o papel da muller na historia de Betanzos. A actividade, ademáis de dirixirse á poboación en xeral, tamén se desenvolve nos institutos e nos colexios concertados do municipio, así como co alumnado dalgúns obradoiros.

Para a súa organización, o Concello coordínase con outras entidades do territorio e con outras Administracións. A coordinación esténdese ao deseño, á difusión, á execución, ao seguimento e á avaliación.

Principais resultados

- 5 roteiros realizados
- 154 persoas participantes desde marzo de 2017.

Obxectivos acadados

- Realizar un roteiro turístico estable por diversos recunchos do municipio relacionados coa muller.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

Máis de 40

Impacto da práctica

Os obxectivos transcenderon aos centros educativos e existe unha alta participación.

O PLENO DE IGUALDADE

Concello de Cabanas

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumando de 6ª de EP do CEIP Eladia Mariño

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Servizos Sociais
Enderezo electrónico	correo@cabanas.gal
Teléfono(s)	981 495 959
Páxina web	www.cabanas.gal

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

As crianzas son obxecto de moitas accións para o fomento da igualdade, mais en poucas delas son axentes da propia acción.

Actuación realizada

As menas e os nenos de 6º de primaria do CEIP Eladia Mariño fixeron un "pleno" na propia casa do concello para denunciar as desigualdades machistas.

Principais resultados

Sensibilizar á comunidade sobre a igualdade de xénero, fomentar a participación activa na actividade e acercar á comunidade educativa ás políticas municipais. Para a súa organización, a Concellería de Servizos Sociais coordinouse con outras áreas do concello, con outras entidades do territorio e con outras Administracións. A coordinación Coordinación abrangueu o deseño, a difusión, a execución e o seguimento.

Obxectivos acadados

- Sensibilizar á comunidade sobre a igualdade de xénero.
- Fomentar a participación activa na actividade.
- Acercar á comunidade educativa ás políticas municipais.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

Máis de 40

Impacto da práctica

Capacidade de influencia nun proceso de socialización secundaria, vital para a conciencia de xénero.

CICLO DE CINE INFANTIL

Concello de Dodro

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable. Desenvólvese dende o ano 2012 durante a etapa escolar, os venres alternos en horario de 17.00 a 19.00 horas

PERSOAS DESTINATARIAS

Menores de 5 a 13 anos

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Cultura, Voluntariado e Asociacionismo
Enderezo electrónico	info@concellodedodro.org
Teléfono(s)	981 802 062
Páxina web	http://www.concellodedodro.org/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Considérase de vital importancia proporcionar información e formación á infancia co fin de sensibilizar e formar en igualdade, favorecendo a conciliación da vida familiar, persoal e laboral.

Actuación realizada

Durante o período escolar ofértanse sesións de cine con temática de igualdade e educación en valores, con actividades de debate, comprensión e reflexión tras cada proxección. Para a súa organización, a Concellería coordínase con outras áreas da propia entidade e con outras Administracións e entidades. A coordinación abrangue o deseño, a difusión, a execución, o seguimento e a avaliación.

Principais resultados

Boa acollida da iniciativa por parte da poboación, cunha alta participación.

Obxectivos acadados

- Favorecer a conciliación dos tempos das familias.
- Ofrecer actividades de calidade para a infancia baseadas na temática da igualdade.
- Utilizar a linguaxe audiovisual, mediante fragmentos de películas, para sensibilizar e concienciar dende a infancia sobre as desigualdades existentes entre homes e mulleres.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

De 11 a 20

MESAS INFORMATIVAS "RECEITAS DO AMOR"

Concello de Ribeira

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Puntual (24 de novembro e 18 de decembro)

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado da ESO e Bacharelato

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Igualdade
Enderezo electrónico	cim@riveira.com
Teléfono(s)	981 874 131
Páxina web	www.riveira.com

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Existen grandes mitos arredor do amor romántico que repercuten negativamente sobre as parellas e especialmente entre a xente máis nova, o que pode levar a situacións de violencia de xénero non identificadas.

Actuación realizada

Mesas informativas nos institutos representando unha farmacia na que as farmacéuticas, *persoas con formación en igualdade*, ofrecíanlle receitas ao público sobre o que non é unha relación de amor.

Para a súa realización, Igualdade coordinouse con outras Administracións e entidades.

Principais resultados

Moi positivos, tanto pola novidade da acción como polas sorpresas das frases, xa que moitas alumnas e alumnos identificábanse cos supostos ou ben identificaban a outras persoas.

Obxectivos acadados

- Visibilizáronse os mitos do amor romántico e conseguiuse a reflexión e a crítica que lles servirán como ferramentas para prever situacións tóxicas.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

Máis de 40

Impacto da práctica

A fórmula de moitas das receitas en clave de humor favoreceu, máis si cabe, o interese na temática. Así mesmo, a acción repetiuse a petición dun centro educativo.

COEDUCACIÓN DENDE AS ARTES E AS NOVAS TECNOCLOXÍAS

Concello de Ribeira

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Periódica (último trimestre de cada ano)

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de todas as etapas educativas dende infantil ata bacharelato e FP

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Igualdade
Enderezo electrónico	cim@riveira.com
Teléfono(s)	981 874 131
Páxina web	www.riveira.com

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

A transmisión de valores que fomenten a igualdade de xénero non está sendo materia curricular nos centros educativos. Así mesmo, o profesorado non sempre está formado para traballar esta materia, e en ocasións que se aborde depende da boa vontade do mesmo e dos tempos extracurriculares que queiran dedicarlle. Por outro lado, as accións que lles ofrecen as Administracións aos centros educativos deben ser innovadoras para espertar o interese do alumnado.

Actuación realizada

Programa de Educación en Igualdade a través das artes e a tecnoloxía dirixido ao alumnado de todas as etapas educativas para prever a violencia de xénero. O programa contempla:

- obradoiros de educación sexual, de fomento dun bo uso das redes sociais, etc.;
- teatro didáctico;
- teatro infantil e familiar para a sensibilización;
- creación e publicación dun conto;
- creación dunha APP para a prevención da violencia de xénero;
- deseño de cómics;
- deseño de axendas ilustradas para igualdade;
- deseño de camisetas;
- concurso de fotografías;
- elaboración de curtas;
- elaboración dun documental;
- elaboración de publicidade audiovisual;
- festival de cultura urbana.

Para a súa organización e realización, Igualdade coordinouse con outras entidades do territorio e con outras Administracións.

Principais resultados

Todas as accións realizadas nos centros educativos espertaron o interese tanto do alumnado, quen apuntou que lle gustaría repetir a acción ou outra semellante, como do profesorado. Así o indican

tanto os resultados avaliativos documentados, como o feito de que todos os anos os centros educativos colaboran co Concello.

Un número destacado de alumnas e alumnos interiorizaron coñecementos, reflexionaron e se sensibilizaron.

Obxectivos acadados

- Aínda que os obxectivos son a longo prazo, a curto prazo conseguiuse espertar o interese do alumnado pola materia, e a medio prazo conseguiuse naturalizar e considerar necesarios estes coñecementos na comunidade educativa.

Orzamento destinado

Máis de 10.000€

Número de participantes

Máis de 40

Impacto da práctica

Capacidade de influencia nun proceso de socialización secundaria vital para a conciencia de xénero.

CAMPAÑA EN NEGRO

Concello de Santiago de Compostela

ÁMBITO TERRITORIAL

Autonómico

TEMPORALIZACIÓN

Periódica (unha vez ao ano)

PERSOAS DESTINATARIAS

Cidadanía en xeral, profesionais do comercio, da hostalaría e organismos públicos

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Igualdade
Enderezo electrónico	cim@santiagodecompostela.gal
Teléfono(s)	981 542 465
Páxina web	www.santiagodecompostela.gal

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Invisibilización e falta de sensibilización da cidadanía sobre a violencia de xénero.

Actuación realizada

Campaña de sensibilización dirixida á cidadanía de Santiago, implicando ao comercio e á hostalaría. Trátase dunha acción colectiva de sensibilización social contras as violencias machistas tratando de formar unha rede de concellos e entidades. Neste senso, os concellos que se adhiran deberán ter un compromiso político e técnico para espallar a acción e mobilizar a poboación e os axentes sociais e económicos para tinguir de negro as vilas e cidades galegas.

Ademais dos concellos, tamén tres das catro deputacións galegas se sumaron xa a *#EnNegroContraAsViolencias.* Así, as deputacións de Lugo, A Coruña e Pontevedra produciron material da campaña para os concellos participantes das súas respectivas provincias.

Para a súa organización, o Concello coordinouse con outras áreas da propia Administración, con entidades do territorio, con outras Administracións, tecido asociativo e co tecido empresarial. A coordinación estendeuse ao deseño, á difusión, á execución, ao seguimento e á avaliación.

Principais resultados

- Boa resposta dos sectores estratéxicos na cidade: comercios, tendas, grandes superficies, e locais de hostalaría.
- No contexto global galego, uníronse á campaña 102 concellos, ademais das Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra, que produciron material para os concellos participantes.
- Tamén se uniron 8.210 axentes.

Obxectivos acadados

- Alta participación dos comercios, tendas, locais de hostalaría, centros educativos, grandes superficies comerciais, cidadanía en particular, e organismos públicos.
- A campaña exportouse a outros concellos da provincia da Coruña e tamén a concellos de toda Galicia.
- Implicación de 3 deputacións provinciais.
- Alta visibilización, alto impacto mediático e alta implicación das persoas residentes no Concello de Santiago de Compostela.

Orzamento destinado

Máis de 10.000€

Número de participantes

Máis de 40 mulleres

Impacto da práctica

A práctica conta cun importante índice de participación. Así mesmo, rexistra un gran impacto mediático.

AS MALETAS VIAXEIRAS, POLA IGUALDADE DE XÉNERO

Escola Infantil Municipal Monte Alto

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Periódica (dende o curso 2016/2017)

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e nenos de 0 a 3 anos e familias dos grupos de 1-2 anos e 2-3 anos

CONTACTO

Enderezo electrónico	ei.montealto@hotmail.com
Teléfono(s)	981 201 223
Páxina web	http://periodicos.edu.coruna.es/montealto/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Detéctase que dende os primeiros anos os nenos e as nenas comezan a identificarse con xogos e xoguetes, con cores e roupa, con tarefas e responsabilidades moi concretas que non foron intencionadamente transmitidas de forma explícita, pero a través do xogo infantil e das primeiras expresións obsérvase que son asumidas por nenos e nenas.

A pesar de ser unha escola do primeiro ciclo de educación infantil, tómanse decisións en canto a valorar e reflexionar sobre as actuacións educativas. Neste sentido, tamén se comparte coas familias a inquietude por convivir nun ambiente de relacións de igualdade na que nenos e nenas teñan as mesmas oportunidades de xogo, expresión e emoción.

A imitación da persoa adulta, xa sexa na casa ou na escola, propicia un modelo de comportamento e de actitudes que son facilmente asumidas como normalizadas, e isto por desenvolverse no contexto do ámbito familiar e educativo.

Hai que poñer en valor a responsabilidade das persoas adultas en formar desde os primerios anos, tanto desde o ámbito da casa como da escola, en valores de cidadanía, non violencia e igualdade.

Actuación realizada

Prepárase un conxunto de 11 maletas viaxeiras, cada unha dun oficio, con materiais e elementos de xogo. A continuación descríbese o desenvolvemento e as claves da práctica:

Desenvolvemento e claves da práctica

- As maletas están xa listas para ir dunha casa a outra. A idea é compartir e participar na casa de recursos iniciados na escola, para que cada neno e nena teña oportunidade de mostrar

e xogar coa familia con xoguetes dos que participamos todas e todos.

- O xogo é a principal actividade do neno e nena. Mediante o uso e utilización dos obxectos nas mans, favorécense habilidades manuais, sociais e comunicativas.

- Unha persoa adulta sempre debe estar acompañando os seus primeiros momentos. "Xogar a ser" é un exercicio fabuloso onde hai ocasión de relacionar experiencias, obxectos e accións. A persoa adulta debe escoitar e non anticiparse; mirar e esperar a que inicien a súa actividade.

- Imitar, adiviñar, arranxar, crear relacionar, lembrar…accións mentais que están directamente relacionadas coas actividades previas realizadas na escola.

- A través do xogo simbólico dos oficios favorécese a expresión xestual, oral, gráfica do mundo interior do neno e da nena. Así se pode detectar que imaxe está formando parte do seu mundo e como xoga a ser.

- A colección de maletas:
  Maleta para manter a saúde e sanar o corpo: MÉDICA | MEDICO
  Maleta para coñecer alimentos e preparar comida: COCIÑEIRA | COCIÑEIRO
  Maleta para axudar contra o lume: BOMBEIRA | BOMBEIRO
  Maleta para facer que auga non se perda: FONTANEIRO | FONTANEIRA
  Maleta para coidar a natureza: XARDINEIRA | XARDINEIRO
  Maleta para facer roupa e crear con teas: MODISTO | MODISTA
  Maleta para arranxar e crear máquinas: MECÁNICA | MECÁNICO
  Maleta para coidar e limpar o noso entorno: VARREDOR | VARREDORA
  Maleta para crear obxectos de madeira: CARPINTEIRA | CARPINTEIRO
  Maleta para coidar os cabelos eo corpo: PERRUQUEIRO | PERRUQUEIRA
  Maleta para arranxar e coidar os zapatos: ZAPATEIRA | ZAPATEIRO

- Publícase un calendario de préstamo onde cada familia apunta ao seu fillo ou a súa filla coa maleta, e engádense as normas do préstamo.

- Solicitude da maleta do oficio (máximo de 6 maletas a cada familia) para non coincidir na mesma semana dúas veces.

- A través do correo pódese facer un comentario da experiencia e facer unha o máis fotos sobre o xogo que os elementos da maleta proporcionan.

Para a súa organización a Escola, coordínase con outras áreas da propia Administración e con outras Administracións. A coordinación abrangue o deseño, a difusión, a execución e o seguimento.

Principais resultados

- Motivar ás familias a compartir xoguetes da escola na casa, favorecendo un clima de confianza, respecto e cordialidade entre todos e todas.
- Lograr a documentación da experiencia dun grupiño de familias que enviaron comentarios e fotografías do xogo na casa.
- Concienciar a través destas dinámicas da escola sobre a igualdade e o papel das

persoas adultas como modelos de actuación.

- Organización dunha charla familiar para valorar pequenos xestos e decisións diarias que se poden facer para non formar na desigualdade: roupa, tarefas, xoguetes, xestos e expresións.
- Tomar decisións de equipo educativo para actuar de forma moito máis responsable: expresións de agarimo, cancións e xestos, tarefas propostas.

Orzamento destinado
Menos de 3.000€

Número de participantes
Máis de 40

Impacto da práctica
A práctica conta cunha alta participación no xogo, pero aínda non está moi documentada a experiencia das familias do xogo na casa.

CONVIVINDO CO TDAH

INGADA

ÁMBITO TERRITORIAL

Autonómico

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Nenas e nenos, adolescentes, e persoas adultas entre os 5 e os 25 anos con TDAH e/ou trastornos asociados.

CONTACTO

Enderezo electrónico	info@fundacioningada.net
Teléfono(s)	722 521 381
Páxina web	www.fundacioningada.net

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Tras anos de actuación da entidade, observouse a necesidade de traballar coas persoas usuarias en materia de igualdade e en materia de prevención de conductas que promovan a desigualdade de xénero e a violencia de xénero.

Actuación realizada

Realízanse diversos obradoiros, charlas, debates e xornadas destinadas a nenas e nenos e adolescentes sobre esta temática. Para a súa organización e realización, INGADA coordínase con outras áreas ou departamentos da propia entidade.

Principais resultados

- Facilitar a comprensión e integración dos conceptos de igualdade, violencia de xénero e conciliación entre as persoas participantes, comezando dende as nenas e os nenos menores de idade.
- Promover condutas que diminúan a violencia de xénero e a desigualdade entre homes e mulleres participantes.
- Reducir os estereotipos e condutas xa establecidas que promovan a violencia de xénero e a desigualdade entre os homes e as mulleres participantes, especialmente entre adolescentes e persoas novas.

Obxectivos acadados

- Comezar a comprensión dos conceptos mencionados, desde unha perspectiva básica.
- Reducir os estereotipos de xénero e algunhas das condutas xa establecidas.
- Promover condutas non violentas nas persoas participantes.

Orzamento destinado

Entre 5.000€ e 10.000€

Número de participantes

Máis de 40

PROXECTO LEAC: LIDERAZGO EMOCIONAL CON CABALOS

Concello das Pontes

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Puntual, meses de abril e maio de 2018

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres de idades comprendidas entre 35 e 55 anos en situacións de vulnerabilidade

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Benestar Social
Enderezo electrónico	cim@aspontes.org
Teléfono(s)	981 441 008
Páxina web	http://aspontes.org/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Dende o CIM detectouse a necesidade de traballar con mulleres en situación de vulnerabilidade (entre elas, mulleres vítimas de violencia de xénero) a través de dinámicas grupais.

Actuación realizada

Traballouse cun grupo de mulleres desde a afirmación persoal como elemento clave da autoestima e o liderado persoal. Así, para facilitar o traballo emocional gradual, traballouse con cabalos para que as mulleres conectasen coas súas emocións. Neste sentido, o proxecto LEAC, a través do traballo grupal, apóiouse nun método de intervención social asistido por cabalos coa finalidade de reforzar diferentes habilidades para a mellora da seguridade e a valoración persoal.

Para a súa organización, difusión, execución e seguimento, o CIM coordinouse co persoal da propia área e co persoal do departamento.

Principais resultados

O traballo sobre as crenzas persoais, a imaxe, e o peso da mirada allea nas imposicións sociais, permitiu a cada unha das mulleres participantes ser conscientes das súas dificultades, da transformación, e das melloras.

Obxectivos acadados

- Creación dun grupo de apoio entre as participantes.
- Cambios na autoimaxe.
- Mellora das habilidades comunicativas.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

De 11 a 20 mulleres.

O NOSO MOMENTO

Concello de Narón

ÁMBITO TERRITORIAL

Comarcal

TEMPORALIZACIÓN

Estable (de outubro a xuño)

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Igualdade
Enderezo electrónico	sociocomunitario@naron.es
Teléfono(s)	981 337 700
Páxina web	http://www.naron.es/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Necesidade de dotar ás mulleres de ferramentas que lles permitan mellorar a súa autoimaxe, rachar sentimentos de inferioridade e falsas crenzas sobre dereitos e capacidades.

Actuación realizada

Obradoiro de crecemento e autocoidado con perspectiva de xénero. Abórdanse temas como o autocoidado, as emocións, o exercicio ou a diversión, co obxectivo de dotar ás participantes de ferramentas para mellorar a súa autoestima e desconectar da rutina.

Para a súa organización e difusión, a Concellería coordínase con outras áreas ou departamentos da propia entidade, con outras Administracións, con entidades e co tecido asociativo.

Principais resultados

Involucrar as propias mulleres nos procesos de cambio. A actividade ten un gran impacto na vida das mulleres que acoden.

Obxectivos acadados

- Crear un espazo de aprendizaxe distendido onde divertirse, compartir, etc.
- Dotar ás mulleres de ferramentas para o autocoidado e o cambio de perspectiva sobre distintas situacións que se poden presentar nas súas vidas.
- Facilitar un tempo de desconexión da rutina diaria onde lograr conectar con outras mulleres e acadar unha visión máis positiva sobre si mesmas.
- Crear un grupo de apoio.

Orzamento destinado

Entre 3.000€ e 5.000€

Número de participantes

De 11 a 20 mulleres.

PROGRAMA DE FORTALECEMENTO SOCIOEMOCIONAL

Concello de Oleiros

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable (o programa iniciouse no ano 2013 e continúa na actualidade)

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres maiores de idade en situación de vulnerabilidade ou que presentan alteracións psicosociais.

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Servizos Sociais, Comercio e Sanidade
Enderezo electrónico	s.sociais@oleiros.org
Teléfono(s)	981 610 000
Páxina web	www.oleiros.org

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Dende os Servizos Sociais detéctase que moitas usuarias presentan diferentes dificultades no seu día a día e malestar psicosocial, o que dalgunha forma as sitúa nunha posición de vulnerabilidade. Moitas destas usuarias tampouco contan con recursos e estratexias persoais para afrontalas, dado que presentan unha baixa autoestima. Este malestar ten que ver, principalmente, coa tristeza, cos cambios de humor, coa apatía, coa ansiedade, coa angustia, con crises de pánico, con trastornos do soño, con sentimentos negativos, etc.; síntomas que non teñen que ver con situacións sociais precarias, senón que están moi condicionados polo xénero, coa forma en que as mulleres se relacionan consigo mesmas, coas demáis persoas e cos seus conflitos vitais. E en consecuencia, é un malestar que ten unha gran repercusión na súa saúde.

Actuación realizada

O programa nace coa misión de mellorar o benestar e a saúde das mulleres do concello e potenciar a labor que se ven realizando desde os Servizos Sociais na redución dos factores de risco ante a violencia de xénero.

Dende o ano 2013, e con carácter anual, prográmanse diversos obradoiros nos que se intervén tanto dende un enfoque preventivo como terapéutico.

Nos obradoiros créase un espazo suficientemente consistente onde as participantes, dentro das súas motivacións, posibilidades e limitacións, poden traballar as súas vivencias persoais. Así mesmo, ofréceselles ferramentas para que cos seus propios recursos, as participantes poidan reducir o sufrimento subxectivo e situarse no momento que lles tocou vivir, e con iso e recuperar a vitalidade necesaria para facer fronte ás dificultades do seu día a día de forma saudable.

O enfoque de intervención do programa e das actividades apoíase en metodoloxías propias da arte-terapia, o mindfulness, e a terapia Gestalt; e o grupo constitúe o referente positivo e a rede de apoio.

Para a súa organización e difusión, a Concellería coordinase con outras áreas da propia Administración, con entidades do territorio e con outras Administracións.

Principais resultados

Dende a posta en marcha do programa arredor 100 mulleres pasaron polo programa, só unhas poucas abandonaron e, en todo caso, o abandono atribúese a motivos laborais ou a dificultades na conciliación familiar.

En moitos casos, as alteracións psicosociais que as mulleres presentaban ao comezo da súa participación non desapareceron por completo, xa que se trata de procesos que están en continua transformación. Aínda disto, a maioría das mulleres mostraron unha autopercepción positiva de si mesmas e a conciencia de obter logros importantes. Incluso aquelas mulleres que mantiñan unha autopercepción máis pesimista valoraron que os obradoiros nos que participaron foron unha gran axuda para a mellora do seu benestar. Así mesmo, constatouse que moitas participantes agora teñen o ánimo suficiente para procurarse cambios de total relevancia como buscar e conseguir un traballo, apuntarse a cursos de inglés, preparase para obter o carné de conducir ou coidarse máis.

Outras participantes tamén abriron un espazo para outros cambios que para elas eran imprescindibles, como cambiar a forma de vestir, ampliar as relacións sociais, ou ter momentos de ocio e tempo para elas.

En definitiva, os obradoiros do programa tiveron unha repercusión positiva nas participantes, posibilitándolles unha mellora dos seus procesos persoais. Ao mesmo tempo, experimentaron cambios cognitivos que van dende adquirir pensamentos máis positivos até suavizar os síntomas depresivos.

Obxectivos acadados

- Cohesión grupal.
- Restablecemento da autonomía e o empoderamento.
- Resignificación da identidade.
- Potenciación da socialización.
- Favorecemento da autorresponsabilidade sobre os procesos e coidados.
- Adquisición de ferramentas: habilidades sociais, asertividade, escoita activa de si mesma e do entorno, resolución de conflitos,intelixencia emocional, e creatividade.

Orzamento destinado

Máis de 10.000€

Número de participantes

Máis de 40 mulleres.

Impacto da práctica

No ano 2016 realizouse un estudo avaliación para coñecer o impacto que o programa tivo sobre as participantes. No estudo buscouse coñecer se tras a participación das mulleres no programa os factores de vulnerabilidade identificados inicialmente polo equipo de Servizos Sociais se minimizaran, e se as participantes percibían unha mellora no seu benestar.

Este estudo permitiu constatar os beneficios e cambios positivos que as participantes experimentaron tras o seu paso polo programa. Así, moitas das participantes acadaron unha conciencia crítica acerca das dúas problemáticas, unha mellor valoración de si mesmas e un enorme desexo de promover cambios nas súas vidas e acadar logros persoais.

TEÑO UNHA HORTA EN SAN SADURNIÑO

Concello de San Sadurniño

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres maiores de 55 anos que sempre se dedicaron a vida do rural

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Cultura
Enderezo electrónico	correo@sansadurnino.gal
Teléfono(s)	907 724 980
Páxina web	http://sansadurnino.gal

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

A práctica xorde da necesidade de compartir e transmitirlle á xente mais nova a experiencia das mulleres en relación aos traballos cotiás do rural e dos traballos do campo, e de ensinarlle ás mulleres daquelas xeracións con menos contacto coa tecnoloxía a manexar os móbiles e a utilizar internet.

Actuación realizada

A actividade, posta en marcha no ano 2015, une a alfabetización dixital e audiovisual coa preservación dos saberes da agricultura tradicional. Nos inicios do proxecto as participantes participaron en varios obradoiros para aprender a usaar a cámara, gravar os vídeos, subilos a internet, a manexarse en youtube, etc. Como resultado, veciñas do concello gravan cos seus móbiles como se cultivan distintos produtos da horta, algúns de cultivo habitual en Galicia (leitugas, cenorias, etc.) e outros máis experimentais (azafrán, boniatos, etc.).

Para a súa organización, a Concellería coordínase con outras áreas e departamentos do propio Concello. A coordinación abrangue o deseño, a difusión, a execución e o seguimento.

Principais resultados

As mulleres participantes conseguiron un total manexo dos móbiles e conseguiron cultivar produtos non habituais nas hortas galegas (cacahuetes, azafrán, boniatos...).

Obxectivos acadados

- As participantes, ademais de empoderarse conseguiron un gran manexo de técnicas audivisuais.

Orzamento destinado

Menos de 3.000€

Número de participantes

Máis de 40 mulleres

Impacto da práctica

Conseguiuse un gran éxito en redes sociais como Youtube. Así, aínda que a maior parte das pezas gravadas roldan os dous mil visionados, algunha foi vista por maís de 200 mil persoas. Así mesmo, a maioría de persoas que seguen a canle son xente nova.

O proxecto, dende a súa andadura, non deixou de recibir premios que recoñecer a práctica como un bo exemplo do empoderamento da muller na contorna rural.

PROXECTO TERANGA IGUALDADE PARA MULLERES MIGRANTES

Fundación Juan Soñador

ÁMBITO TERRITORIAL

Autonómico

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres migrantes entre 18 e 70 anos

CONTACTO

Enderezo electrónico	terangacoruna@fundacionjuans.org
Teléfono(s)	607 577 395
Páxina web	https://fundacionjuans.org/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

As mulleres migrantes necesitan romper o illamento, empoderarse para afrontar a vida na sociedade patriarcal na que habitan.

Actuación realizada

Realización de talleres grupais de empoderamento, itinerarios personalizados para mulleres, e círculos de mulleres.

Para a súa organización, a Fundación coordínase con outras entidades do territorio e con diversas Administracións. A coordinación abrangue o deseño, a difusión, a execución, o seguimento e a avaliación da práctica.

Principais resultados

Tras a participación nos talleres de empoderamento, e de recibir un asesoramento personalizado, as mulleres conseguiron crer máis en si mesmas, romper o illamento e chegar a formar círculos (colaboración, cooperación e crear alianzas entre elas).

Obxectivos acadados

- Mulleres migrantes acollidas.
- Mulleres migrantes coñecen máis os recursos da cidade, os dereitos e deberes e todo aquilo que lles axuda a ser cidadás de pleno dereito.
- Mulleres migrantes crean alianzas entre elas, para romper o illamento, sentirse apoiadas e colaborar.
- Mulleres migrantes empoderadas.

Orzamento destinado

Máis de 10.000€

Número de participantes

De 31 a 40

Impacto da práctica

A ruptura co illamento e a inserción social de mulleres migrantes.

FERROL EMPRENDE EN FEMININO

Concello de Ferrol

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Puntual (ano 2016)

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres con motivación e iniciativas o autoemprego, empadroadas no concello de Ferrol

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Igualdade
Enderezo electrónico	cim@ferrol.es
Teléfono(s)	981 944 124
Páxina web	https://www.ferrol.gal/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

A cidade conta cunha elevada taxa de paro, situación que sobre todo afecta ás mulleres, as cales tampouco contan con grandes posibilidades de creación de emprego. Así, o proxecto xorde para fomentar o emprego entre as mulleres.

Actuación realizada

Ferrol Emprende en Feminino é un programa para fomentar a actividade empresarial das mulleres, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello de Ferrol.

O programa consta de formación e de axudas económicas para o autoemprego feminino. Así mesmo, durante todo o proceso hai unha tutelaxe e unha supervisión tanto da viabilidade inicial do proxecto como do seu desenvolvemento, para resolver dúbidas, e axudar a que esta nova iniciativa se consolide e se transforme nun polo de creación de emprego e de mellora da actividade socio económica da cidade.

Para a súa organización, a Concellería coordínase con outras áreas e departamentos da propia entidade, así como co tecido empresarial.

Principais resultados

- Realización dun obradoiro formativo no que se axuda a montar a propia empresa na cidade.
- Axuda económica de 1.500 euros a cada muller que ten acceso ao programa.
- Promoción e publicidade una vez que se abra o negocio.
- Ponse en contacto ás impulsoras de cada proxecto con entidades bancarias para acceder a microcréditos de 6.000 euros.

Obxectivos acadados

- 15 mulleres foron seleccionadas para participar no proxecto e cada unha delas emprende o seu propio negocio.

Orzamento destinado
Máis de 10.000€

Número de participantes
De 11 a 20 mulleres

Impacto da práctica
Creáronse 15 novos negocios na cidade

CULLEREDO "EN CLAVE SOCIAL"

Concello de Culleredo

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Poboación en xeral

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Benestar Social e Igualdade
Enderezo electrónico	cim@culleredo.org
Teléfono(s)	981 654 570
Páxina web	www.culleredo.es

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Creación dunha rede asociativa en materia de benestar social e igualdade, facilitadora de información, recursos e xeración de sinerxías.

Actuación realizada

- Dinamización da asociación.
- Difusión de información de interese (recursos, actividades...) a través dun correo electrónico único.

Para a súa organización, difusión, execución, seguimento e avaliación, a Concellería coordínase con outras áreas do propio Concello.

Principais resultados

Cesión dun local que poden usar as asociación inscritas en Culleredo.

Obxectivos acadados

- 34 entidades forman parte da rede.

Orzamento destinado

Entre 5.000€ e 10.000€

Número de participantes

Máis de 40

FIN DE SEMANA DE MULLERES

Concello de Dodro

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Trátase dunha actividade que comezou no 2012 e se desenvolve unha vez ao ano, na última fin de semana de setembro.

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres maiores de 18 anos

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Servizos Sociais e Igualdade
Enderezo electrónico	info@concellodedodro.org
Teléfono(s)	981 802 062
Páxina web	http://www.concellodedodro.org/

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

O Concello de Dodro considera fundamental promover a participación das mulleres coa finalidade de reivindicar a igualdade entre mulleres e homes.

Actuación realizada

Dende o 2012 organízase unha fin de semana para mulleres con actividades diferentes: charlas, mesas redondas, xornadas de ocio, visitas guiadas, accións formativas e de sensibilización en materia de igualdade, entre outras. Para a súa organización e desenvolvemento, o Concello coordinase con outras áreas da propia administración, con entidades do territorio e con outras Administracións.

Principais resultados

A práctica conta cunha alta participación, todos os anos complétanse as prazas dispoñibles, e hai lista de agarda.

Obxectivos acadados

- Ofrecer espazos de empoderamento ás mulleres.
- Ofrecer espazos diferentes de relación entre mulleres.
- Interaccionar e reflexionar sobre o papel da muller na sociedade.
- Favorecer a conciliación dos tempos da muller.
- Velar pola plena e efectiva participación das mulleres no ámbito social.

Orzamento destinado

Entre 5.000€ e 10.000€

Número de participantes

Máis de 40

Impacto da práctica

A práctica conta cun importante índice de participación. Así mesmo, rexístranse numerosas visitas e comentarios ao respecto nas redes sociais municipais.

ESTUDO DO GRAO DE CORRESPONSABILIDADE NA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CEIP ELADIA MARIÑO

Concello de Cabanas

ÁMBITO TERRITORIAL

Municipal

TEMPORALIZACIÓN

Puntual (ano 2015)

PERSOAS DESTINATARIAS

Comunidade educativa do CEIP Eladia Mariño

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Servizos Sociais
Enderezo electrónico	correo@cabanas.gal
Teléfono(s)	981 495 959
Páxina web	www.cabanas.gal

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Ante un contexto familiar e social imbuído por desigualdades de xénero e machistas, realizouse un estudo para coñecer o nivel de desigualade existente no contexto específico das familias do concello de Cabanas.

Actuación realizada

Nunha primeira fase da diagnose das desigualdades de xénero a nivel municipal, realizáronse dúas enquisas, unha dirixida ó alumnado e outra ás familias e posteriormente leváronse a cabo entrevistas persoais co profesorado do centro co obxectivo de coñecer a súa percepción sobre o mantemento de estereotipos e roles de xénero entre o alumnado. Como resultado, elaborouse un informe executivo.

Para a súa realización, a Concellería coordinouse con outras áreas do concello, con entidades do territorio e co tecido educativo para obter información tanto do alumnado como do propio profesorado e as familias.

Principais resultados

- Conseguir un coñecemento o máis amplo posible da pervivencia de roles, estereotipos e diferenzas de xénero nos distintos ámbitos de desenvolvemento da vida dos nenos e nenas.
- Dar a coñecer ás familias as actitudes e comportamentos machistas que poidan estar reproducindo as nenas e nenos.
- Sensibilizar ás familias e ao profesorado sobre o seu papel na coeducación e corresponsabilidade.

Obxectivos acadados

- Xerar conciencia sobre as concepcións relacionadas co xénero e sobre como as nenas e nenos interiorizan os roles e estereotipos de xénero.

Orzamento destinado
Menos de 3.000€.

Número de participantes
Máis de 40

Impacto da práctica
Información de primeira man para as persoas coidadoras sobre os efectos da súa crianza.

SAVVIX SERVIZO DE ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Concello de Culleredo

ÁMBITO TERRITORIAL

Comarcal

TEMPORALIZACIÓN

Estable

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres vítimas de violencia de xénero (e persoas dependentes da mesma)

CONTACTO

Concellería responsable(s)	Benestar Social e Igualdade
Enderezo electrónico	cim@culleredo.org
Teléfono(s)	981 654 570
Páxina web	www.culleredo.es

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

As mulleres vítimas de violencia de xénero que denunciaban a situación, moitas veces encóntranse desbordadas durante todo o proceso. Tamén existe o caso de mulleres que non denuncian a situación de maltrato e que necesitan apoio e asesoramento.

Actuación realizada

Dende o ano 2000 empezouse a atender ás vítimas de violencia de xénero dun xeito integral, consolidándose o servizo nos anos 2002-2003.

O SAVVIX é un servizo especializado na atención e protección das vítimas de violencia de xénero, en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado. No servizo ofrécese:

- Apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero con ou sen denuncia.
- Acompañamento en todo o proceso.

Principais resultados

Tras unha primeira entrevista artéllase un sistema de atención integral intentando cubrir a necesidade da muller e derivando a outros recursos que configuran a rede especializada, de ser o caso.

Obxectivos acadados

- Dotar de ferramentas e mellorar as capacidades das vítimas para avanzar na súa autonomía.
- Mellora da situación da vítima de violencia de xénero.

Orzamento destinado

Entre 5.000€ e 10.000€

Número de participantes

Máis de 40

PROGRAMA DE RECURSOS ESPECIALIZADOS A MULLERES SORDAS EN GALICIA

FAXPG

ÁMBITO TERRITORIAL

Autonómico

TEMPORALIZACIÓN

Estable (dende o 01/10/2017 e continúa vixente na actualidade)

PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres xordas ou xordocegas, maiores de 18 anos e menores de 60

CONTACTO

Enderezo electrónico	saps@faxpg.es
Teléfono(s)	881 978 890
Páxina web	www.faxpg.es

DESCRICIÓN DA PRÁCTICA

Necesidade ou situación de desigualdade detectada

Paliar e/ou evitar a infraparticipación das mulleres xordas que sofren importantes limitacións para acceder aos servizos e recursos normalizados por mor das súas características específicas e as barreiras de comunicación, as cales supoñen un obstáculo para participar como cidadás de pleno dereito.

Actuación realizada

- Servizos de orientación e información sobre recursos singularizados, de atención, orientación e asesoramento persoal e social, así como de apoio directo nas relacións con outras entidades, organismos e servizos que faciliten ás persoas usuarias o seu proceso de integración social.
- Servizo de atención psicolóxica.
- Servizo de mediación intercultural e/ou familiar.
- Actividades para a adquisición de habilidades persoais e sociais básicas ou de competencias para a mellora da empregabilidade.

Principais resultados

Información, orientación e asesoramento individualizado axustado ás necesidades das mulleres xordas, ben sexa en lingua de signos, con apoios á lectoescritura, ou con adaptacións dos contidos axeitados aos seus niveis de comprensión, incidindo no fomento da súa autonomía.

Obxectivos acadados

Acceso á información en igualdade de condicións para:

- Mellorar a empregabilidade e en casos de desemprego de longa duración e situacións de inactividade.
- Capacitación e formación.
- Técnicas de busca activa de emprego
- Asesoramento na xestión de recursos.

Orzamento destinado
Entre 5.000€ e 10.000€

Número de participantes
De 21 a 30

AGRADECEMENTO

Queremos agradecer a todas as Administracións locais, asociacións, fundacións, colexios profesionais, empresas, centros educativos e ONGs que, coa achega das súas prácticas, contribuíron á realización desta guía:

- Asociación Ámbar das persoas con diversidade fucional da Barbanza
- Asociación Arcea Adames
- Asociación Arela
- Asociación Asistencial Galega de servizos á Dependencia AGASDEP
- Asociación Bioturmalina
- Asociación de colaboración e promoción do sordo ACOPROS
- Asociación de Discapacitados Activos de As Pontes A Xanela
- Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia ACADAR
- Asociación Educativa Cativos
- Asociación galega de trasplantados de médula ósea Asotrame
- Asociaciòn galega para a saúde sexual AGASEX
- Asociación INTEGRO das Persoas con Diversidade Funcional da Costa da Morte
- Asociación para personas con discapacidad y familiares Arela
- Asociación Pro Personas con Discapacidade de Galicia ASPRONAGA
- Asociación RedMadre Coruña
- Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia
- Concello da Pobra do Caramiñal
- Concello das Pontes de García Rodríguez
- Concello de Abegondo
- Concello de Aranga
- Concello de Ares
- Concello de Arteixo
- Concello de Arzúa
- Concello de Betanzos
- Concello de Boimorto
- Concello de Boiro
- Concello de Boqueixón
- Concello de Cabana de Bergantiños
- Concello de Cabanas
- Concello de Camariñas
- Concello de Cariño
- Concello de Carnota
- Concello de Carral
- Concello de Coirós
- Concello de Corcubión
- Concello de Culleredo
- Concello de Dodro
- Concello de Ferrol
- Concello de Lousame
- Concello de Mugardos
- Concello de Narón
- Concello de O Pino
- Concello de Oleiros
- Concello de Ortigueira
- Concello de Outes
- Concello de Padrón
- Concello de Ponteceso
- Concello de Ribeira
- Concello de Rois
- Concello de San Sadurniño
- Concello de Santiago de Compostela
- Concello de Santiso
- Concello de Tordoia
- Concello de Vilarmaior
- Concello de Zas
- Consello de Anciáns de Xestoso
- Escola Infantil Chip-Chop SCG
- Escola infantil Fene-Barallobre
- Escola Infantil Municipal Monte Alto
- Escola Infantil Nazaret
- Escola Infantil Rubido Romero
- Federación de Asociaciones de Personas Sordas de Galicia FAXPG
- Fundación Amigos de Galicia
- Fundación INGADA (Instituto Galego do TDAH e Trastornos Asociados)
- Fundación JuanSoñador
- Fundación Meniños
- Fundación Mujeres
- Fundación para a Protección de Discapacitados Psíquicos Comarca da Barcala
- IES Ramón Otero Pedrayo
- Liga Reumatolóxica Galega
- Mais Porvir Xestión Social, S.L.U.
- Mancomunidade de Ordes
- Rosa Escola Infantil dos Cativos
- Sociedade Cooperativa Galega Os meniños

Deputación
DA CORUÑA

IGUALDADE
DE XÉNERO
DEPUTACIÓN DA CORUÑA